

## **'Dique', o novo espectáculo de Nova Galega de Danza en clave feminista, estréase en Santiago esta fin de semana**

**A peza conta a épica historia das 200 mulleres que hai 150 anos escavaron o Dique da Campá de Ferrol, a obra de enxeñería hidráulica máis importante do século XIX, transportando 245.000 metros cúbicos de terra e pedras en 11.600.000 cestos sobre as súas cabezas e, polo mesmo traballo, cobraban menos ca os homes**

***Dique*, coproducido por Nova Galega de Danza e a Xunta de Galicia, a través do Centro Coreográfico Galego, poderase ver no Salón Teatro do Centro Dramático Galego de Santiago de Compostela os días 21, 22 e 23 de xuño, coas últimas entradas dispoñibles para o 22 e o 23 a través da plataforma [Ataquilla](#)**

**Na súa primeira colaboración con Nova Galega de Danza, Marta Pazos dirixe o espectáculo, cun equipo artístico e técnico composto integramente por mulleres, coa coreografía de Belén Martí Lluch e a música de Clara Aguilar, entre outras**



Presentación de *Dique*, de NGD, esta mañá no Salón Teatro do CDG © Vanessa Rábade

*Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2024.*- A estrea absoluta do novo espectáculo de Nova Galega de Danza está xa á portas. A posta de largo de **Dique** terá lugar este **venres, 21 de xuño**, no **Salón Teatro do Centro Dramático Galego (CDG)** de Santiago de Compostela, ás 20.30 h, coas entradas xa esgotadas para esta primeira función. A peza poderase ver, na mesma sala, o sábado 22 e o domingo 23, cos últimos billetes aínda dispoñibles que poden adquirirse a través da plataforma [ataquilla.com](https://ataquilla.com).

Esta mañá tivo lugar a presentación da obra no ambigú do Salón Teatro do CDG. *Dique*, a agardada nova produción de **Nova Galega de Danza** con dirección escénica de **Marta Pazos**, é un espectáculo coproducido por Nova Galega de Danza e a Xunta de Galicia, a través do Centro Coreográfico Galego, que pon en diálogo a danza contemporánea e a danza tradicional galega nunha conversa que reflicte a conexión entre o pasado e o presente.

Na presentación de *Dique* en Compostela participaron **Jaime Pablo Díaz**, director artístico de Nova Galega de Danza; **Marta Pazos**, responsable da dirección escénica e da dramaturxia de *Dique*; **Belén Martí Lluch**, coreógrafa de *Dique*; a bailarina **Estefanía Gómez**, en representación do elenco de *Dique*; e **Jacobo Sutil**, director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), que estiveron acompañados por **Pilar Portela**, directora do Centro Coreográfico Galego.

O director artístico de Nova Galega de Danza, Jaime Pablo Díaz, declarou que estaba “moi contento e moi agradecido do grandísimo equipo que conforma o proxecto, co que puidemos plasmar aquela xesta que aconteceu no Dique da Campá de Ferrol hai 150 anos”. Tamén quixo destacar que “a historia de *Dique* tiña que ser feminina”. “Despois de celebrar o noso 20 aniversario como compañía, con Nova Galega de Danza sentín a necesidade de contar esta historia -case descoñecida- de mulleres invisíbeis... e sabía que tiña que ser a través de mulleres; lanzámonos de novo á innovación, pero tendo sempre presente a nosa tradición, fuxindo de facer o mesmo, mudando novamente os conceptos, pero sen perder a esencia”. “Buscamos moita información sobre estas cargadoras de Ferrol, falamos con historiadoras e, canto máis afondábamos no relato, máis cousas sorprendentes encontrabamos”, avanzou o artista e produtor.

A directora escénica e dramaturga Marta Pazos destacou “a rotundidade, a forza e a xuventude que destila o espectáculo”. “Hai moita expectación para amosar este novo traballo. No meu traballo o interese é poñer no centro a personaxes non privilexiadas da historia desde unha perspectiva de xénero. E esta proposta de Jaime, a súa enorme xenerosidade, foi un agasaio, non podía dicir que non”. E engadiu: “Para min, a temática

de Dique é a forza, a resistencia, a rotundidade da comunidade, da colectividade". Sobre o corpo de baile, Marta Pazos quixo destacar "o seu labor titánico": "é un elenco absolutamente comprometido co espectáculo e coa profesión. *Dique* é unha peza moi esixente, non é doada, e elas dannos ás para voar coa súa entrega".

Pola súa banda, o director da Agadic, Jacobo Sutil, transmitiu "a súa ilusión e as gañas de ver esta nova proposta de Nova Galega de Danza, da man dun equipo magnífico". E quixo convidar "a todos e a todas a que se acheguen esta fin de semana ao Salón Teatro do CDG a ver esta estrea". "Admiro a Nova Galega de Danza, que leva moitos anos representando a nivel internacional a nosa danza e a nosa creatividade. E tamén a Marta Pazos: é un orgullo para nós e seguila en todos os seus pasos dentro e fóra de Galicia". E rematou "desde Agadic tentamos fomentar a creación galega coa coprodución de espectáculos a través dun apoio non só económico, senón tamén de cesións de espazos de traballo, distribución e outras funcións para facer posibles estas novas estreas".

Finalmente, a coreógrafa Belén Martí Lluch salientou que, "a través do corpo, do movemento, revelamos a esas mulleres que se sosteñen, que traballan, que festexan". Mentres, a bailarina Estefanía Gómez convidou ao público a vir ver o espectáculo "porque aproxímase unha bomba, unha gran explosión". "As bailarinas estamos entregadas en corpo e alma. Hai moita unión no elenco, xenerouse algo moi especial no noso traballo colectivo, cunha enerxía moi vibrante. A todas marcounos especialmente a visita ao dique militar de Ferrol: foi unha viaxe persoal moi singular cargada de sentimentos que agora trasladamos á escena", concluiu a bailarina.

## **SOBRE O ESPECTÁCULO**

*Dique* nace do desexo de recuperar unha historia esquecida: o labor das mulleres na construción do Dique da Campá de Ferrol. Na súa execución, entre 1874 e 1879, 200 mulleres, as estibadoras, retiraron 245.000 metros cúbicos de terra e pedras que transportaron en 11.600.000 cestos sobre as súas cabezas -58.000 cada unha delas-. E, polo mesmo traballo, cobraban menos ca os homes.

No 150 aniversario do inicio da súa construción, a obra de enxeñería hidráulica máis importante do século XIX, Nova Galega de Danza convidou a directora de escena Marta Pazos para realizar a súa homenaxe a aquela xesta. Un xogo de cores, texturas e contrastes sobe á escena para ofrecer un desafío visual único. A peza explora os límites da forza mentres o telúrico se apodera da escena. En *Dique* hai resistencia e esforzo, pero afloran, tamén, a delicadeza e o lixeiro.

Tradición e modernidade. Forza e resiliencia. Sindicalismo e empoderamento. Solidariedade e comunidade. Celebración e renacemento. Toda unha chea de emocións e sentimentos conflúen en *Dique* para narrar a historia daquelas estibadoras ou “cargadoras” silenciadas e crear un espazo de reflexión que, nun acto de xustiza poética, está artellado polo labor dun equipo composto integramente por mulleres nos eidos artístico e técnico.

## **SOBRE O EQUIPO**

Directora artística, directora de escena de teatro e ópera, escenógrafa, dramaturga e artista visual, **Marta Pazos** é unha das creadoras máis influentes da vangarda escénica española actual. A súa obra destaca pola súa dimensión plástica e a súa emancipación estética. Nas súas montaxes, a cor aparece de maneira radical para impactar na retina do público e transformar a súa percepción. Con *Dique* a artista estrea a súa agardada primeira colaboración coa compañía Nova Galega de Danza, considerada como unha das formacións máis singulares e innovadoras da nosa escena.

**Nova Galega de Danza** fusiona en vivo danza e música de raíz galega. Bebe da tradición e da vangarda cunha vocación universal, abrindo unha liña de traballo única ao redor da danza en Galicia. Unha liña que é quen de se aproximar á tradición desde unha ollada contemporánea que lle permite transcender a vivencia tradicional do folclore e darlle un novo sentir. Nos seus xa máis de 20 anos de traxectoria, baixo a dirección de **Jaime Pablo Díaz**, produciu oito espectáculos: *Dique* (2024), *Berro* (2023), *Credo* (2022), *Leira* (2020), *Son* (2016), *Dez* (2013), *Tradición* (2008), *Engado* (2006) e *Alento* (2003). En *Dique* o elenco está composto por oito bailarinas: Nuria Alaña, Carmen Cebrián, Alba Cotelo, Estefanía Gómez, Alicia López, Laura Santamariña, María de Vicente e Inés Vieites.

A carón de Marta Pazos, artífice da dirección de escena e da dramaturxia da peza, destaca, tamén, a figura da coreógrafa **Belén Martí Lluch**, unha das novas voces que pisan forte na escena actual española. Coreógrafa, entre moitos outros proxectos, da celebrada serie *La Mesías*, Martí Lluch é unha das fundadoras de **Mucha Muchacha**, colectivo que investiga o folclore para cuestionalo e facelo contemporáneo e que se interroga asemade con perspectiva de xénero sobre a memoria e o corpo. Foi, tamén, a coreógrafa da serie de televisión de “Los Javis” *La Mesías*.

A canda elas traballa, tamén, a compositora **Clara Aguilar**, considerada unha das figuras máis destacadas da escena musical contemporánea catalá. Habitual do Sónar ou do Primavera Sound, este 2024 foi candidata ao Goya pola banda sonora de *Creatura* e mais foi galardoada con cadanseu Premio Gaudí no 2023 e no 2024 pola mellor banda sonora.

Á fronte do deseño de escenografía e do vestiario atópase **Clàudia Vilà**, unha artista independente e polifacética centrada na exploración da dramaturxia do espazo e a súa transformación. Completa o equipo artístico **Cristina Bolívar**, responsable do deseño de iluminación, quen, ao longo da súa traxectoria, traballou xunto a compañías e artistas como Daniel Abreu, Janet Novás, Sara Molina ou Mónica Valenciano, entre outras, ademais de en espazos e cita senlleiras como o Teatro Pradillo ou o Festival de Otoño.

*Dique* é unha coprodución de: Nova Galega de Danza e Xunta de Galicia, a través do Centro Coreográfico Galego que conta co patrocinio da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia (MIT) como espectáculo inaugural do festival no 2024. A peza conta tamén co patrocinio do Concello de Ferrol e o Concello das Pontes colabora de xeito habitual coa compañía. Nova Galega de Danza conta co patrocinio de Vegalsa - Eroski.

### **FUNCIONS 'DIQUE'**

Salón Teatro do Centro Dramático Galego (Santiago de Compostela)

Venres 21 de xuño | 20.30 horas | **ESTREA ABSOLUTA | ESGOTADAS**

Sábado 22 de xuño | 20.30 horas

Domingo 23 de xuño | 18.00 horas

Últimas entradas para sábado 22 e domingo 23:

<https://entradas.ataquilla.com/ventaentradas/es/danza/salon-teatro/17583--dique.html>

### **CONTACTO DE PRENSA 'DIQUE'**

The Office Comunicación | [prensa@theofficeco.es](mailto:prensa@theofficeco.es)

Luisa Castiñeira (620 113 155) e Bea Pérez (604 070 409)

### **KIT DE PRENSA 'DIQUE'**

<https://cutt.ly/Dique>